

## Asociación Folclórica Andarela



**A**ndarela é unha Asociación Folclórica fundada en Vigo en 1989. Presidida actualmente por D. Pablo Ferreira Tobío e dirixida por Marcos Vila Rodríguez.

Na actualidade está integrada por 90 membros distribuídos en cinco seccións:

- Grupo Principal de Danza
- Escola de Danza Infantil
- Escola de Danza de Adultos
- Escola de Gaita e Percusión
- Escola de Canto.

### Liña de actuación

Basease nas coidadas coreografías escénicas e na didáctica e difusión dos aspectos identificativos da cultura galega xunto cunha adicación esmerada ao vestiario e tecidos tradicionais, combinando distintas modalidades de traxes de gala e cotío con outras formas de época un pouco máis vangardistas.

No repertorio de Andarela conflúen os principais ritmos da nosa música: muiñeira, pandeiro, xota, ribeirana, maneo; en pezas amplamente diversificadas para ofrecer ao espectador unha versión axil, entretida e versátil.

### Festivais destacados

- Festivais Internacionais de Gijón e do Mediterráneo (Murcia)
- Festival dos povos da Antiga Coroa de Aragón (Castellón).

XIII Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas 2012

# XIII

## Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas outubro 2012

Artista convidado:  
Coro Tradicional Cantares do Brión



**O** Coro Tradicional Cantares do Brión comezou a ensaiar por vez primeira en decembro de 2008 e constituíuse formalmente o día 7 de marzo de 2010 no seo do Centro Cultural de Vincios (Gondomar).

### Entre as súas finalidades primordiais están as seguintes:

- A interpretación da música coral tradicional galega, a capella e co acompañamento instrumental da tradición galega.
- O perfeccionamento técnico e artístico dos e das compoñentes do Coro mediante a participación en cursos especializados.
- A cooperación e o intercambio con outras corais de ámbito local, comarcal, nacional e internacional.
- A promoción da investigación e difusión da música coral tradicional e do traxe popular galego, así como de todo o que sexa intrínseco á nosa cultura.
- O emprego da lingua galega para o desenvolvemento de toda a vida asociativa.

A formación conta con algo máis de sesenta compoñentes de distintas idades e procedencia xeográfica que se distribúen en catro cordas: tiple, contralto, tenor e baixo. No seu variado repertorio de pezas destacan as pandeiradas, as foliadas, os maneos, as muiñeiras e os alalás. Ademais das voces, o Coro Tradicional Cantares do Brión emprega distintos instrumentos propios da tradición galega, como a gaita, o tamboril, o bombo, a pandeireta e as cunchas. O director musical da agrupación é Pablo Rial, veciño de Vincios, e o presidente da Comisión do Coro é Xosé G. Crego, de Priegue (Nigrán).

# XIII

## Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas 2012

Sábado, 27 de outubro ás 19:00h

Auditorio Mar de Vigo

Final:

- Asociación Cultural Andarela.
- Asociación Folclórica Colexiata do Sar
- Asociación Cultural Seixebra
- Asociación Cultural Traspés

Artista convidado:  
Coro Tradicional Cantares do Brión



COLABORA

CONCELLO DE VIGO



ENTRADA LIBRE ATA ESGOTAR O AFORO

## Asociación Folclórica Colexiata

Na beira do río Sar, érguese a igrexa románica da Colexiata do Sar, unha das obras arquitectónicas máis peculiares de Santiago de Compostela e que da nome a un dos barrios máis populares, onde no 1980 fundouse a Asociación Folclórica Colexiata do Sar.

Baixo a dirección artística de Pilar Sexto e Alfonso, a asociación conta con 40 membros, que integran baile tradicional, música, canto e pandeireta, tendo como principal obxectivo recuperar e difundir o folclore tradicional, contribuíndo o desenvolvemento cultural e social.

Colexiata obtivo galardóns e importantes éxitos dentro de Galicia coma no exterior, chegando a actuar para personalidades como Papa Juan Pablo II, os Reis de España, os Presidentes dos gobernos Arxentino e Cubano e Carlos Menem.

### Festivais

- Xornadas de folclore galego (Santiago de Compostela) 1º premio
- Xornadas de folclore (Vigo) 1º premio, premio a millor bailarina e premio ao mellor grupo de acompañamento
- Madrid, Barcelona, Sevilla e Tarragona
- Nova Iorque
- Festival Intercéltico de L'Orient (Francia)
- Os Anxeles (California)
- Festival de folclore internacional (Marsella e Avignon)
- Xornada mundial da xuventude



## Asociación Cultural Seixebrá



Seixebrá nace en Moraña (Pontevedra) no 1998. Formada por oitenta membros, de idades varias e repartidos nas escolas de baile, gaita, percusión, pandeireta e acordeón, contan cunha ampla experiencia na recuperación de pezas e bailes da cultura popular galega e na impartición de clases.

### Festivais

Concursos da xeografía galega  
Festas do concello e dos arredores. En maio deste ano o grupo obtivo un primeiro premio de pandeireta no XXIII Concurso de Música Tradicional Xacarambana, na Coruña. Valencia, León, Asturias, País Vasco, Salamanca e Portugal.

Os membros de Seixebrá dedícanse a facer recollidas de cancións. Boa mostra disto son os cantos de reis e a regueifa. A composición de Seixebrá variou ao longo do tempo. Isto fixo que entre os anos 2003 e 2004 o grupo experimentara unha renovación importante.

No 2008 o grupo celebrou o seu décimo aniversario pechando o ano cunha exposición que, a través de imaxes, reflectía a súa evolución. No marco desta celebración, a principios de 2009, a asociación celebrou un festival conmemorativo dos seus dez anos. Nel participaron algúns dos antigos membros de Seixebrá para lembrar bailes e pezas que marcaron diferentes etapas na traxectoria do grupo.

XIII Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas 2012

## Asociación Cultural Traspés

Esta asociación fundouse no 2009 en Vigo. Os seus compoñentes posúen unha importante traxectoria folclórica e comparten as mesmas inquietudes baseadas na investigación, recuperación e conservación das nosas tradicións galegas.

### Agrupación

Grupo de Baile, grupo de Pandereteiras, grupo de Pandereteiros e grupo de Música Tradicional. Todos co fin de interpretar as pezas e cantares populares galegos cos medios máis tradicionais da nosa cultura.

### Traxectoria

- 1º Premio no II Concurso de pandereteiras organizado pola asociación Fogo Fatuo de Rianxo (2009).
- 2º Premio nas X Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas do Concello de Vigo (2010).
- 3º Premio no X Concurso de Baile tradicional Galego Azaloira (Bandeira-Pontevedra).
- 1º Premio no IX Concurso de Baile Tradicional de Vilagarcía.
- 2º Premio no XXXI Concurso de Baile Tradicional Xacarambana.
- 1º Premio nas XI Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas do Concello de Vigo.
- 2º Premio no XI Concurso de Baile Tradicional Galego Azaloira (Bandeira – Silleda, 2011).
- Premio ó mellor acompañamento no XI Concurso de Baile Tradicional Galego Azaloira.
- 3º Premio no XII Concurso de Baile Tradicional Galego Azaloira (Bandeira – Silleda, 2012).

